

COPA GALEGA DE NATACIÓN BENXAMÍN

Tempada 2009 - 2010 - Circular 09-22

1.- ORGANIZACIÓN, DATAS E SEDES

1.1.- Na Copa Galega Benxamín poderán participar os 16 mellores clubs clasificados da liga galega benxamín, distribuídos en dous grupos: un grupo cos 8 primeiros clubs clasificados e outro cos 8 clubs que ocupen os postos 9 a 16.

1.2.- A Copa Galega Benxamín celebrarase na data e sede establecida no calendario de natación para a presente tempada (circular 0911).

1.3.- As probas realizaranse nunha soa sesión, que dará comezo ás 17:00 h.

2.- PROGRAMA DE PROBAS

1.- 4X50 libre mas 99-00-01	4.- 200 libre fem 00	8.- 200 estilos mas 99	12.- 100 estilos fem 01
2.- 4X50 libre fem 00-01	5.- 50 libre mas 00	9.- 200 estilos fem 00	13.- 4X50 estilos mas 99-00-01
3.- 200 libre mas 99	6.- 50 libre mas 01	10.- 100 estilos mas 00	14.- 4X50 estilos fem 00-01
	7.- 50 libre fem 01	11.- 100 estilos mas 01	

3.- PARTICIPACIÓN

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

Masculina: nados en 1999, 2000 e 2001

Feminina: nadas en 2000 e 2001

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas e que pertencen aos clubs con dereito a participación.

3.3.- Cada nadador poderá participar como máximo nunha proba individual e dúas remudas.

3.4.- Cada club poderá inscribir 3 nadadores por proba.

3.5.- Cada club poderá inscribir 3 equipos de remudas.

3.6.- Aceptarase substitucións de nadadores até 45 minutos antes do inicio da sesión, previa solicitude de baixa dun nadador do mesmo clube inscrito na proba.

3.7.- O nadador substituído non poderá participar en ningunha proba individual ou de remudas en dita sesión.

3.8.- Os clubs con dereito a participación deberán confirmala no prazo que se indique oportunamente. No caso de que algún non participase, o seu posto podería ser cuberto polo seguinte clasificado na liga galega benxamín.

4.- INSCRICIÓN

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos ou modelo correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á FEGAN por correo electrónico a inscricions@fegan.org. Xunto co devandito ficheiro remitirase, no mesmo correo, a acta de preinscrición que o propio programa xera en formato PDF (preferible) ou DOC.

4.2.- As inscricións para o campionato deberán obrar en poder da FEGAN 10 días antes do comezo da competición, cadrando este día a mércores, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

5.- FÓRMULA DE COMPETICIÓN

5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

5.2.- Puntuarán os 16 primeiros clasificados de cada proba individual e a remuda mellor clasificada de cada clube. No suposto de que un mesmo clube teña clasificada máis de unha remuda na mesma proba entre os 8 primeiros, só puntuará a primeira clasificada, a/s clasificada/s despois non será/n puntuada/s, corréndose a

súa puntuación ao seguinte na clasificación.

5.3.- A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

5.4.- A puntuación nas probas de remudas será: 22, 16, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

6.- CLASIFICACIÓN

6.1.- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Total masculina en probas individuais mais as remudas.

b) Total feminina en probas individuais mais as remudas.

c) Total conxunta. Será necesario ter competido en ambas categorías, aínda cando non se obtivese puntuación nunha delas.

7.- TÍTULOS E PREMIOS

7.1.- Entregarase un trofeo ao club clasificado en primeiro lugar na clasificación xeral conxunta como Campión Galego da Copa Galega de Natación Benxamín.

7.2.- Entregaranse medallas a todos os compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

A Coruña, 16 outubro 2009

Secretaría Xeral FEGAN